



## NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, o día 25 de agosto de 2015, dictou o seguinte:

### “DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

**PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI**, a celebra-lo vindeiro **DÍA 28 DE AGOSTO DE 2015, VENRES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **DOCE HORAS (12,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

**SEGUNDO.-** Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cúmplanse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

### ORDE DO DIA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 13/06/2015 e 19/06/2015.
- 2.- Dación de conta de resolución e decretos da Alcaldía.
- 3.- Dación de conta do envío de informes ao MINHAP
- 4.- Proposta de Festivos Locais, do Concello de Forcarei, para o ano 2016.
- 5.- Aprobación dos prezos públicos para a Xuntanza dos Maires -2015.
- 6.- Mocións:
  - 6.1.- Moción do PSdeG- PSOE, sobre festas populares.
  - 6.2.- Moción do PSdeG- PSOE, sobre aplicación da reforma da P.A.C.
  - 6.3.- Moción do BNG, sobre a defensa do sector lácteo galego.
  - 6.4.- Moción do PP, sobre a defensa do sector lácteo galego.
- 7.- Rogos e preguntas.

Forcarei, 25 de agosto de 2015.-  
A SECRETARIA.-

Asdo: M<sup>a</sup> Elena Suiro Fernández.



SRES. CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO  
CONCELLO DE FORCAREI